

**Mar e amor contra a cidade gris:
os rexistros políticos na poesía de Bernardino Graña**

Xosé María Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2011 [2007]). “Mar e amor contra a cidade gris: os rexistros políticos na poesía de Bernardino Graña”. En Héitor Mera (ed.), *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario*. Vigo: Xerais, 19-30. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/121>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2007). “Mar e amor contra cidade gris: os rexistros políticos na poesía de Bernardino Graña”. En Héitor Mera (ed.), *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario*. Vigo: Xerais, 19-30.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

MAR E AMOR CONTRA A CIDADE GRIS. OS REXISTROS POLÍTICOS NA POESÍA DE BERNADINO GRAÑA

Xosé María Álvarez Cáccamo

No Prólogo á 2ª edición de *Profecía do mar* (Algalia, 1984) estoura Bernardino Graña coa seguinte hipérbole de confianza autocrítica: “Eu quería cantar a materia, o cosmos mariño e, por ser sincero coas inclinacións da miña xeración, non fun sincero co obxectivo primordial e pasei do cántico material ao social. Ou resulta (tamén pode ser) que non fose sincero nin comigo nin coa xeración e paseime á moda de entón. É para que o meditemos entre todos.”¹ Meditado está: a poética do social-realismo ten producido algúns efectos perniciosos sobre determinadas manifestacións do corpus textual das décadas 60 e 70. Pero nin afectou á maioría dos poetas do grupo xeracional dos 50 (para o que Millán Otero solicita, con sólida argumentación, a denominación de Xeración do 57), nin perxudicou seriamente as liñas poéticas dominantes naquela altura, de notábel diversidade discursiva. Xosé Manuel Millán Otero entende que “a poesía civil de 1957 non é só –ou non é case– o prosaísmo e a pobreza expresiva que lle foi atribuída. Baixo e epígrafe de poesía social, *engagée*, civil, etc., agáchanse intencionalidades e estilos [20] diversos, que a miúdo teñen como únicos trazos de unión remarcar a continxencia histórica da obra de arte e facer explícita unha determinada concepción ético/ideolóxica da sociedade contemporánea.”² Na escrita de Bernardino Graña e, de xeito moi especial, no interior do poderoso alegato cósmico-matérico –alicerzado en diáfana posición ética e política– en que consiste *Profecía do mar*, e tamén no cántico do erotismo afirmativo representado por *Sima-cima do voar do tolo*, as limitacións expresivas do pedagoxismo social-realista apenas se deixan sentir nun feixe de poemas que nada restan ao peso central deste libros decisivos.

En *Profecía do mar*, que ve a súa primeira luz en 1966 e na colección Salnés de Galaxia, a apaixonada exaltación do poder catártico e liberador dun océano investido de atributos colosais asenta o eixo do seu sentido nunha perspectiva moral e nunha disposición crítica e combativa que teñen como soñado obxectivo a transformación da vida colectiva. “Cántico social”, pois, inseparábel do himno cósmico e pronunciado co rexistro dunha complexa e potente enunciación poética e dunha moi elaborada e atractiva formulación rítmica, lonxe dos presupostos da comunicabilidade inmediata da poesía social ao uso entre algúns poetas do seu tempo. O irado mar vengativo da *Profecía* é unha fantástica potencia purificadora en combate aberto contra a miseria do mundo urbano, mecánico e uniformado. Representa a enerxía da liberdade creativa e transformadora contra os dominios da vulga-

¹ GRAÑA, Bernardino, “Prólogo”, en *Profecía do mar*, 2ª ed., Algalia, A Coruña, 1984, p. 12.

² MILLÁN OTERO, Xosé Manuel, “Introducción”, en: GRAÑA, Bernardino, *Profecía do mar*, 3ª ed., Xerais, Vigo, 1995, p. 42.

ridade acrítica, a paixón dun deus apocalíptico a derrubar a cidade absurda e inútil da masa integrada. O poeta fala desde a ribeira dun paraíso adámico, *locus* reiterado e afortalado libro a libro, poema a poema, territorio dunha república soberana cuxa hora fundacional se anuncia xa no poemario de 1966. É a nación forte e serena, non agredida de balbordo frenético nin presas desaforadas, liberada de máquinas perversas e de [21] voraces empresarios, habitada por seres ceibes e dirixida polo concerto do amor, edificada no equilibrio entre o home e a natureza e presidida pola presenza absoluta, benéfica e vixiante, do mar, unha omnipotente divindade laica, centro dunha mitoloxía moi persoal. Bernardino Graña se posicionaba xa, en 1966, vinte anos antes de que se constituísen en causa de resposta colectiva, na alternativa ideolóxica da reivindicación ecoloxista e da revolta contra a globalización e o pensamento único.

O mar de referente galego, paisaxe familiar, ámbito íntimamente ligado á experiencia inmediata do poeta, sobarda o perfil da súa anatomía local para erixirse en entidade de dimensión abstracta e simbólica, identificábel cun dos eixos conceptuais de maior rendimento no discurso da *Profecía*, a **materia**, núcleo significativo do pronunciamento rebelde, de caste anarquista, en que o libro en grande medida consiste: “...e por iso defendo / unha lingua de carne e de lama / unha lingua de lama que aprenda / que non todo é falar e hai materia / e hai que andar e marchar de contado / e fender no universo ou na nada...” Fala impura, lixada coas substancias da vida, propicia para a acción destrutiva e catártica, contraria á febleza inútil da leria intranscendente, desde cuxo novo código se poida albiscar “outra ilusión de paraíso ou terra.” A fala poética e profética, de singular formato épico, transcende da simple función expresiva para derivar en instrumento directo da acción transformadora.

Pero o poeta, maiormente aliado das forzas oceánicas de liberación universal, consubstanciado coa materia marítima, precisa regresar de cando en vez ao contacto terrestre cos seus conxéneres, resistir a sedutora atracción das augas absolutas: “...é preciso saír e ser un home / e respirar común no azul osíxeno / e respirar cal todos o de sempre / e mais eu amo as augas esa enorme / chamada do elemento onde tropezo...” Sentimos o ritmo desa unánime respiración común, sen deixarmos de percibir a presenza latente do océano divinizado, nos poemas en que Bernardino deita o sabio aparello dos seus [22] ben temperados rexistros conversacionais. O libro equilibra así (do mesmo xeito que se harmonizan no total da súa escrita poética) os acentos de vigorosa feitura épica co timbre da fala máis comunicativa e cordial: “...meus irmáns mariños / de Cangas Ons Fisterra van soturnos / con medo pra roubarlle o peixe mártir / o pan de amargue sombra nas casoupas / dos portos...” Por este outro rumbo de poeta conversacional transita a voz da simpatía solidaria, animosa e positiva, distendida e festeira. De cando en vez, a doada predisposición para o coloquio lírico de expresión directa traizoa ao esixente artífice de alto estilo con ecos tópicos do prosaísmo crítico: “...onde o Miño vai mouro de tristura, / baixo o fútbol e o esquezo dos burgueses, / baixo o espolio dos froitos e as paisaxes / lindamente pousadas ante os frívolos.” Mínima eiva, intranscendente desvío polas rutas dunha estética de urxente acción pedagóxica que non perturba os fundamentos dun libro de singular calidade e moi importante incidencia sobre os procesos históricos da poesía galega do século XX. Poemas como os titulados “Oda mariña ás forzas de Patiño e Jackson Pollock”, “Mar”, “Apocalipse” e “Final” figuran para sempre entre os logros de máis alto nivel da nosa escrita poética. “O gato da tasca mariñeira”, “Oda aos mariñeiros de Cangas” e “Canción pra ir ao mar de pesca” constitúen mostras moi felices da faceta máis accesíbel da escrita

de Bernardino, que moitos lectores preferirán, talvez, fronte ás composicións de formato heroico e formulación visionaria.

Un timbre de voz irónica destinada ao discurso crítico substitúe en *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975) as tonalidades apocalípticas de *Profecía do mar*, sen que o océano xusticieiro abandone por completo a súa revolucionaria misión. O poeta solicita do seu aliado natural que “medre e nos lave, / se xa non serve o verbo, se xa o home / acena e bufar parvo, e o teatro / do mundo tan só é fedento circo / de feras, domadores e pallasos.” A ira xusta do poeta dirixe agora a súa invectiva contra o comportamento gregario das multitudes, contra a falsedade dos comportamentos sociais, contra a [23] perda dos sinais de identidade individual no ermo da uniformidade colectiva, contra os preceptos impostos, o control e a vixía autoritaria, contra “obrigas, mandamentos, papeleos”, contra a violencia bélica, a tecnocracia, o consumismo, a civilización mecanicista e deshumanizadora, a asepsia, a burocracia, a velocidade... Son as bestas negras do poeta e do home Bernardino Graña, reiterados albos da súa carraxe que concentran todos os seus efectos no ámbito odioso da cidade, símbolo tamén do capitalismo depredador.

A difusa utopía adámica de *Profecía do mar* concreta as súas coordenadas no libro de 1975. Abafado o poeta polo fume industrial que acosa a cidade de Tarragona, onde reside, con “grandes chemineas ata Reus e Valls”, soña con regresar a Darbo a depurar artificio e miseria urbana “no mar sagrado” e pronuncia o laio da saudade pola súa terra marítima de Tirán nun poema de preciosa feitura: “Alá, en Tirán, o Outono era ben doce. / Cantaba unha bubela e algún xilgaro, / sentíase o loureiro coma incenso, / sagrado abraio no aire e, entre as ponlas, / murmurios silandeiros coma pregos, / cadencias garimosas e pequenas / entraban polas veas deica a alma / cun son ceremonial.” O texto é delicado logro lírico nun conxunto presidido polo ton satírico e o recurso ao prosaísmo crítico, adoito compensado nas súas fracturas expresivas pola graza hiperbólica do autor, quen fantasea sobre os efectos do estoupido nuclear –nun poema directamente emparentado coa estética civil de Celso Emilio– a desfacer os seres humanos en anacos dunha “gran cousa informe, unificados, / de ensaladilla rusa ou coma zorza, / ou tamén un engrudo coma terra, / sinxelamente terra en empanada.” Recoñezamos, porén, que a hipérbole de humor negro resta dramatismo, vigor acusatorio e efecto de persuasión política á denuncia do crime xenocida.

O poeta testemuña e toma posición de denuncia tamén fronte á violencia do poder imperial en “Vietnam 1972”, homenaxe a Alberti, desterrado en Roma, e a Neruda, “que morre nos seus eidos / de mágoa de mirar os ollos do odio / que triunfa coa inxustiza e coa tristura...”, en textos de ben [24] resolta verbalización do sentimento político. Máis unha vez, manifesta a emoción da súa fraternidade cos homes e mulleres do pobo, habitantes do espazo natural, preferentemente a Galiza do mar, que conforma o universo utópico da verdade e a sinxeleza fronte á nefasta falsidade da civilización urbana, vello topos da *louvanza de aldea* que Bernardino resolve con suficiente eficacia.

Intimismo lírico da experiencia amorosa e manifestación do compromiso civil através da sátira moral son os movementos anímicos que constrúen *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen* (1980). Saudade e dor de amor perdido ocupan a primeira parte, titulada “Miña ventura en loucura”. “Un cantar novo de amigo”, segundo apartado do libro”, é diálogo en homenaxe ás xentes da súa querenza vital e cultural, como Antón Sobral, Luis Seoane, Emilio Cao, Alfonso Gallego, os trobeiros provenzais, os poetas galegos (de Pedro Amigo de Sevilla a Méndez Ferrín), as Mariás de Santiago, “perenes de azul e mocidade”, a danzar o contrapunto festivo contra “enzurriamento triste de libresco mexo”, e os homes da terra e do mar, a quen incita a erguerse “cara o mar do diario e o infinito”, en

propuesta insurxente que evoca as forzas oceánicas da *Profecía*. As conversas de amigo propician de cando en vez a pronuncia do discurso crítico, como acontece, por exemplo, no poema dedicado ao pintor Alfonso Gallego, quen “contra escuro terror ou petroleiros ácidos de estrago / pinta co semen claro máis potentes albas”, o futuro esperanzado e ledó, erótico e vital, fronte á negrura devastadora das mareas negras que anunciaban xa, en repetidos vómitos puntualmente testemuñados por Bernardino en libros sucesivos, a violenta hemoptise do Prestige, máis de vinte anos antes daquel atentado que provocou unha das máis fermosas revoltas civís do noso tempo. A ciencia gris das cátedras resulta conxurada, combatida e vencida polo permanente teatro de rúa das Dúas Marías de Compostela, extravagantes e populares figuras de constante presenza no Santiago dos sesenta e setenta, a quen Bernardino louva polo seu dramático papel de [25] “creación andante”, “poema sacro ... sen ciencias e sen libros” e de donas da “gran ciencia do soño.” Elas representan a arte e a sabiduría natural, incontaminada de falsidade libresca. Forman parte desa esfera emotiva e conceptual do universo primitivo que constitúe o territorio ideal do Bernardino oceánico, inimigo da laberíntica e ruidosa, falsa, deshumanizada e burguesa civilización urbana.

Pero a vontade de resposta ética e política fronte ao monstro urbano e os violentos atributos con que este símbolo aparece investido na poética de Bernardino Graña concentra o seu vigor na terceira parte do libro, “Os que non aman nin saben de amor”, poemas de escarnio que veñen completar a glosa dos cancioneros medievais como estrutura organizativa de *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*. A **materia**, cerna ideolóxica e motor emocional da *Profecía*, é agora **amor**, tensión revolucionaria, expansiva forza creadora. Cumpriría deseñar a liña dun proceso que, na obra literaria de Bernardino, traza un rumbo de “espiritualización” desde a inicial perspectiva material (materia e cósmica, materialista e dialéctica) até a recente inflexión relixiosa do seu pensamento. O amor humano, o erotismo vitalista, de progresivo protagonismo desde o libro de 1980, sucede á paixón cósmica da paisaxe sen figuras que se constrúe na *Profecía* e antecede a esta última preocupación de transcendencia espiritual, manifesta sobre todo na narrativa recente do autor. Fique aquí apuntada esta hipótese de inquisición lectora.

Os que non aman son, máis unha vez, os responsábeis da asepsia ideolóxica (usuarios de “monocordes linguas sen acento e tono”) e física (“traidores oficiantes dos standard / da sequeidade enteira planetaria”), os empresarios que lixan as costas con petróleo, como o do desastre do Urquiola, verquedores de xudre e química, idólatras do ouro, construtores de autopistas, urbanizadores, traficantes de armas, donos das celulosas, incendiarios... e mesmo os poetas da “brancura/ dos papeis señoritos”, aqueles poetas acomodaticios e descomprometidos –ou comprometidos na banda da dereita e [26] do franquismo– contra os que arremetera insistentemente Celso Emilio e aos que convoca agora Bernardino no seu epílogo en homenaxe ao autor de *Cantigas de escarño e maldicir* e *Cimenterio privado*. Contra este colectivo devorador, singularizada representación da grea capitalista en exercicio de esmagante violencia planetaria, dirixe o poeta o gume afiado dunha fala imprecatória que lembra a estupenda mordacidade do celanovés máis satírico. Nunca antes Bernardino se mostrara tan vehemente na manifestación da carraxe política, que estoupa aquí en fervenza magnífica de calificación despectiva (“cascudas denegridas”, “balofas nádegas”, “inmundos cus”) e irada e xusticieira maldición: “Xurda revente vénguese / ataque aquí ferreño de sótaque o océano / e borre anuncio arruallo de uniforme e cartos. / Que un furacán mil ondas en galerna e berros / arrepenando o pelo a remexer gadañas / irrumpa sen permiso con furor de alfanxe.”

O poeta, situado, obviamente, na beira dos que aman, acentúa neste libro a presenza dun eu afirmativo, rebelde, subversivo, conscientemente envisgado na lama da vida, onde quere fixar como un signo perenne as marcas do seu corpo “pra acentuar o quente e o consciente / a vibración / irreprimíbel / do meu fogo.” Manifesta en expresión transparente a súa vontade de salvarse do desamor por vía de integración na natureza –montes de Darbo, mar sagrado de Liméns– e de comunión co mundo primitivo dos “bárbaros”. Anuncia así a figura dun suxeito épico-lírico de moi potente arquitectura vital, a do eu protagonista do seu seguinte libro, *Sima-cima do voar do tolo*.

Esta nova entrega, do ano 1984, representa, con *Profecía do mar*, outra sobranceira cima na paisaxe poética de Bernardino Graña e no panorama histórico da nosa literatura. O falante lírico é agora un personaxe dotado de titánica enerxía amorosa e destrutiva, paradóxica combinación que Ferrín comenta así: “Alí están as nosas cousas dispostas en orde e combatíndose, alí o amor que é destrución (coma dixera Aleixandre desde a súa fiestra con visillos, ou no xardín de [27] clase media madrileña), alí o acabamento do eu lóxico porque estamos arraitados, temos fogo entre as pernas, e tamén mar ardente baixo a lingua nos boliga.”³ Erotismo insumiso, apaixonado malditismo e vitalismo apocalíptico semellante ao das armas tremendas do profético mar omnipresente. Que aquí traballa en función auxiliar, ás ordes do poeta “alfinete-diamante / pedra en bola ou en bala fulminante / aerolito cometa meteoro agulla / pinchante en resplandor autoencendido / facho sen monte proxectado aos lonxes / coma arroaz ou quente / masa en furor en sangue...” Múltiples e presentadas en enumeración caótica, en fervente enxurrada, son as encarnacións do tolo voador, derrubado en sima de tristura (“un maldito anxo triste e soio”) para erguerse de súpeto cara á cima en loita voluntariosa en favor da vida, “oh grandísima pétrea dura loita.”

No libro domina o pulo revitalizador do propio eu en procura de salvación contra as tebras do desamor, pero tampouco non falta o estouro irado contra a grisalla da “cidade-confusión babosa incuria”, o soño da “xustiza total en assemblea magna”, o dardo satírico dirixido ao “boubou de ovellas ben domadas”, á inaturábel mediocridade da masa rutinaria, do “pobo / igualmente frustrado e recortado”. A “pantera home foguete” en que encarnou Bernardino Graña desde a cima do seu vertixinoso voo purificador é tamén “un dragón que non cabe nas calzadas con semáforos / nos cines dos seráns de gris domingo cos grisallos / oficinistas torpes...” A reivindicación do amor non sometido a norma nin vencido polo costume representa a defensa dunha actitude de rebeldía permanente: a que procede do panerotismo natural que preside a súa cosmovisión poética.

Ao enérxico oratorio épico de *Sima-cima do voar do tolo* sucede, en movemento alter-nante que xa se producira entre *Profecía do mar* e os dous libros seguintes, o discurso máis [28] comunicativo e lixeiro do *Himno verde* (1992), un conxunto de poemas de diverso formato, con importante presenza de ritmos de inspiración tradicional e un grupo moi suxestivo de sátiras ao xeito de esconxuros de musicalidade vibrante. O libro dirixe o lume do seu discurso crítico contra os obxectivos habituais na permanente loita do poeta, máis ecoloxista agora que en entregas anteriores: o ar contaminado das cidades, o barullo urbano, o desleixo, a soberbia, a ignorancia...Moi efectiva e de sabia aquitectura rítmica –unha proba máis da proverbial habilidade versificatoria e do excelente ouvido poético do autor, non afectado pola súa xordeira física– é a serie de “Brindes-conxuros”, destinados

³ MÉNDEZ FERRÍN, Xosé Luis., Prólogo, en GRAÑA, Bernardino, *Sima-cima do voar do tolo*, Algalia, A Coruña, 1984, p. 9.

a convocar, por vía de preciosa liturxia heterodoxa e danzante, os espectros benéficos de Manuel Antonio e Pimentel, Mendiño na compañía de Martín Códax, Castelao con Alexandre Bóveda, Celso Emilio, Blanco Amor ou Seoane, e a escorrentar “aires” corruptos de distinta entidade, así os que enzoufan o mar, os de “soberbia / finchada e paifoca”, “os aires / que matan o aire” e os máis clásicos “aire de enganado” ou “aire do demo”. De importante utilidade estética, política e pragmática resulta esta fórmula ritual de rotunda musicalidade: “Aire porco, / aire de morto / Aire podre, / que corrompe. / Aire e noxo, / visgo, cotra, / vil petróleo, / chapapote.” Ou esta outra: “Que nos varras, / Mar, / Vagada, / gran Roncallo a caírnos sobre / a cidade, como eclipse, / como fusta, apocalipse, / labazada / dura e forte, / Maremoto, / monte de auga, / Sal / enorme.” O libro conclúe en convite solidario ao trunfo da alegría colectiva: “Fagamos torres fraternais, selváticas / de entrelazo de brazos que concerta e vibra.”

De expresión directa é tamén a razón amorosa e combativa do libro *Sen sombra e sen amor* (2004), a forza de Eros contra o exército do imperio, contra a fame, o paro, a escravitude, a usura, a marxinação, a desfeita da natureza... Amor fronte aos beneficios pragmáticos e prosaicos, honores, medallas, aplausos. O poeta organiza aquí o seu particular bestiario de monstros simbólicos, caricaturas expresionistas da fauna [29] detentadora de todas as formas do poder: “crocodilos feos”, “implacábeis serpes gordas”, “prepotentes leóns dominadores”, “lobos empresarios”... A palabra belixerante de incisiva expresividade combate en poema ritual de pauliña laica os “finchados xefes”, os “fríxidos marmóreos”, os “soberbios millonarios”: “pauliña, maldición, e resalgario, arsénico, / sosa cáustica, chumbo, auga lesiva, / cal vivo, fume mouro...”

Con maior convencemento que en anteriores ocasións, Bernardino Graña adopta en *Sen sombra e sen amor* –o último dos seus libros de poemas publicados até o momento– unha posición esperanzada e de confianza na intervención política dos movementos sociais e manifesta o seu entusiasmo diante de quen se entrega ao combate das causas solidarias. Afirma, outravolta, os alicerces do seu vitalismo de dimensión terrestre e oceánica. O amor reincidente na súa función catártica e transformadora, pero semella que a paixón apocalíptica e xusticieira da súa primeira poética cósmica vai dando paso, progresivamente, a perspectivas máis serenas e optimistas. A inicial paisaxe sen figuras da ribeira invadida polo mar en revolta destrutiva e lustral foise poboando cun exército civil de insumisos en luminoso avance liberador.

A disposición ética e política na poesía de Bernardino Graña, inseparábel da súa pulsión emotiva e vital, configura, pois, un discurso de singular feitura no concurso das poéticas galegas contemporáneas, superador, as máis das veces, das quebras estilísticas provocadas polo seguimento das propostas pedagóxicas do social-realismo, tendencia cuxa discutida valoración cumpriría, porén, revisar. Dous movementos anímicos complementarios dirixen tanto a voz intimista como o acento crítico e político do poeta: unha titánica enerxía vitalista e unha forza destrutiva e purificadora de dimensión cósmica e material que concentra o seu poder simbólico na figura colosal do mar. Ambas paixóns son atributos de Eros, o [30] principio creativo e transformador con que Bernardino combate a grisalla do mundo artificial, o reduto thanático da cidade vulgar, dominada pola violencia capitalista, desde o ámbito adámico e incontaminado da súa particular república utópica. Rebelde, insumiso, ecoloxista, defensor da diferenza fronte á uniformidade globalizadora, o poeta equilibra o rexistro dunha voz de formato épico e disposición matizadamente visionaria coa perspectiva satírica e irónica, de formulación imprecatoria e conversacional, verbalizadas sempre ambas facetas con moi notábel solución rítmica e musical.